



Instituto de Ensino Secundario Val Miñor



Dende o mes de xaneiro de 2017, o IES VAL MIÑOR de Nigrán está aplicando o **programa TEI** (tutorización entre iguais).

Trátase dun proxecto educativo innovador para mellorar a integración escolar, a convivencia entre o alumnado e, para evitar o acoso escolar.

O programa TEI (“tutorización entre iguais”), é un programa baseado no acompañamento de alumnos de 3º de ESO a alumnos de 1º de ESO (novos no centro). Cada alumno e alumna de 1º de ESO será tutorizado por un compañeiro ou compañeira de 3º de ESO, que estará preto del coa finalidade de axudalo na súa integración no centro, diminuír a súa inseguridade, mediar nos conflitos, actuar como referente para a mellora da autoestima e diminuír os desequilibrios de forzas que orixinan o acoso escolar.

Na aplicación do TEI, sensibilizarase ao alumnado contra o acoso escolar e a favor dun modelo de relación entre compañeiros baseado no respecto mutuo, na corresponsabilidade e na solidariedade.

Este modelo de relación entre compañeiros será reforzado nas horas de tutoría e en distintos momentos ao longo do curso. Nestas sesións o departamento de orientación e os titores e titoras dos alumnos de 1º e 3º levarán a cabo unha serie de actividades, dinámicas e encontros para conseguir os obxectivos deste programa.

### **Os obxectivos do Programa TEI poderíamos sintetizalos en:**

- **Sensibilizar** á comunidade educativa sobre os efectos da violencia.
- **Concienciar** á comunidade educativa sobre os efectos da violencia e informar as consecuencias persoais, sociais e educativas que este fenómeno comporta.
- **Facilitar** o proceso de integración de alumnos, cara a unha escola inclusiva.

- **Crear un referente** (titor/a) para favorecer a autoestima e diminuír a inseguridade que provocan os espazos e as situacións descoñecidas.
- **Empoderar** ao alumnado como suxeito dinámico da convivencia, na prevención da violencia e o acoso escolar.
- **Compensar o desequilibrio** de poder e forza propio da violencia e o acoso desde unha perspectiva preventiva e disuasoria.
- **Integrar a “TOLERANCIA CERO”** respecto da violencia e malos tratos, como un trazo de identidade do centro.

En ningún caso o programa TEI pretende ser a solución a todos os problemas de convivencia dun centro educativo, pero si é una excelente estratexia para a prevención da violencia e o acoso escolar nos centros educativos. Neste proceso estamos implicados todos/as e só **éste compromiso facilitará un cambio de mirada da convivencia e da educación.**